



Estimados pais:

Comunicámosvos que o DOG do 20 de maio publicou a *Orde do 3 de maio de 2019*, pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso 2019/2020.

Resumo da Orde, que poden consultar na nosa páxina web ou no portal educativo da Xunta:

Obxecto da convocatoria:

- Participación no **fondo solidario de libros de texto** do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria e en 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria.
- Convocatoria de **axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial.
- Convocatoria de **axudas para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en EP, ESO e EE.

Lugar e prazo de presentación:

As solicitudes presentarase preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados disponibles na aplicación informática “fondolibros” (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes.

O prazo para presentar solicitudes **rematará o 21 de xuño de 2019**.

Documentación:

Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables e outra documentación acreditativa das circunstancias alegadas.

Contía das axudas:

Educación primaria (1º e 2º):

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 €: 170 euros.
- Renda per cápita familiar superior a 5.400 € e igual ou inferior a 9.000 €: 90 euros.

Alumnado de educación especial: 250 €, con independencia da renda per cápita familiar.

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado de EP, ESO e EE con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros será de 50 euros.

Obrigas dos beneficiarios:

1.- Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2018/2019.

A falta de devolución dos libros de textos, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2019/2020.

2.- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2019/2020 e devolvelos ao rematar este.

3.- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.

4.- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.